

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

Exposición de motivos

I

A participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración propia de calquera sociedade moderna e democrática. Na actualidade constitúe tamén un compromiso que deben cumprir os poderes públicos, que se atopan compelidos a facilitaren e promoveren as condicións necesarias para facer efectiva a devandita participación.

Esta participación social vese consolidada cando as persoas e os grupos nos que se integran desenvolven por si mesmos, e dunha forma totalmente libre, altruísta e solidaria, actuacións que procuran o benestar social e a mellora da calidade de vida da comunidade. Cando estas actuacións deixan de ser un acto illado e espontáneo, e pasan a se efectuar nun marco institucional organizado e mediante entidades creadas *ad hoc*, é cando ten lugar o desenvolvemento dunha acción voluntaria.

A acción voluntaria é manifestación explícita da conciencia solidaria da cidadanía e fortalece a convivencia democrática, e debe ser, como xa queda dito, promovida polos poderes públicos. Son estes os que teñen a responsabilidade de crear as estruturas e o soporte legal preciso que posibilite, desde a liberdade, que a sociedade civil interveña no desenvolvemento de actividades e de sectores de interese xeral e mais na consecución dos intereses públicos mediante a acción voluntaria.

Neste sentido, esta lei configura a acción voluntaria como a expresión dunha participación social recorrente e continua mediante a incorporación permanente das persoas voluntarias en entidades de acción voluntaria.

É preciso, xa que logo, promover e coordinar a acción voluntaria desde postulados flexibles que permitan establecer o marco xeral e as regras básicas para o seu desenvolvemento, pero sempre sen incidir na liberdade de actuación de todos os actores implicados na realización da acción voluntaria.

Por outra banda, esta lei pretende ser a concreción práctica da consideración da acción voluntaria entre as galegas e os galegos como un elemento máis do dereito inalienable dos cidadáns e das cidadás deste país a participaren de xeito activo na construción da sociedade na que viven.

Non obstante, cómpre sinalar que, en todo caso, a acción voluntaria non poderá en ningún modo eximir a administración das responsabilidades e as obrigas que lle corresponden e, así mesmo, que a acción voluntaria non poderá en ningún caso substituír o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

II

Xa no pasado, e ao amparo das competencias asumidas no Estatuto de autonomía, o Parlamento de Galicia manifestou a súa vontade de establecer unha regulación legal de seu en materia de voluntariado mediante a aprobación da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia (modificada posteriormente pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo), que tivo por obxecto regular a actividade do voluntariado social no ámbito propio da Comunidade Autónoma galega.

Con esa lei estableceuse unha primeira regulación autonómica que contribuíu decisivamente ao desenvolvemento das actuacións organizadas de voluntariado a través das entidades e á ordenación das relacións destas coas administracións públicas. Despois de transcorrer preto dunha década de vixencia desde a súa promulgación, as previsións e o enfoque da Lei 3/2000 resultan, emporiso, insuficientes na actualidade para dar satisfacción ás expectativas dos diferentes actores da acción voluntaria.

Hoxe en día, a puxanza do movemento de acción voluntaria, no que se entrega desinteresadamente o seu esforzo a favor dunha causa social, precisa do establecemento de novos instrumentos normativos e de actuacións dirixidas ao fomento da solidariedade e ao desenvolvemento da participación social cidadá que reflectan a vitalidade social da acción voluntaria.

A evolución do denominado «terceiro sector» en Galicia nos últimos anos require un cambio normativo favorable para todos os axentes que interveñen neste, en especial que considere a situación actual das entidades de acción voluntaria e das voluntarias e dos voluntarios que as integran.

O proceso de cambio veu propiciado por factores tales como o incremento do número de entidades e unha importante progresión do número de persoas voluntarias, o papel de-

terminante da acción voluntaria en acontecementos cruciais na vida do país e na evolución da súa conciencia social, o aumento do tempo de lecer entre a poboación e da confianza da sociedade na participación en actividades de acción voluntaria.

A necesidade de reforma legal xa foi sentida no momento da elaboración do último Plan galego de acción voluntaria 2006-2010, no que se detallan un total de dez obxectivos, entre os que se encontra o de «*Elaborar novos elementos normativos, máis acordes co actual contexto e con maior capacidade de dar respostas ao sector e ao conxunto da sociedade: Lei de voluntariado de Galicia, protocolo de situacións de emerxencias, etcétera*».

Resulta tamén oportuna esta posta ao día da regulación legal da acción voluntaria por outras consideracións de orde social co fin de testificar perante a sociedade galega –particularmente cando o ano 2011 coincide co Ano Europeo do Voluntariado– a vixencia e a puxanza do movemento de acción voluntaria organizada como un instrumento fundamental da participación directa e activa da sociedade, polo que a lei parte do recoñecemento de que o carácter autónomo e dinámico do movemento voluntario constitúe un valor que hai que protexer e fomentar.

Do mesmo xeito serve para testemuñar o compromiso dos poderes públicos de Galicia de renovaren e consolidaren o seu estatuto xurídico, establecendo un sistema baseado nas entidades de acción voluntaria e optando por un novo modelo de intervención baseado en principios tales como os da solidariedade, a liberdade e a participación dos axentes vinculados á acción voluntaria, considerando tamén de maneira importante a heteroxeneidade, a diversidade e a pluralidade do tecido asociativo.

A acción voluntaria é, no momento actual, unha manifestación social de gran dinamismo, con gran capacidade de captación e adaptación ás novas necesidades pero aínda cun importante potencial de desenvolvemento, particularmente no que se refire a acadar unha maior permanencia temporal das persoas voluntarias e mais a incorporación de novos colectivos.

Por iso, marcar as normas de interrelación entre as propias persoas voluntarias, e destas coas entidades onde desenvolven as súas actividades, ou entre estas e as administracións públicas, e tamén definir os dereitos e as obrigas das persoas beneficiarias, contribúe ao exercicio mesmo da liberdade das partes e a evitar abusos, e favorece a continuidade daqueles que xa manifestaron e fan efectivo o seu compromiso de solidariedade e a incorporación de novas persoas á acción voluntaria.

Asemade, este novo modelo de intervención debe acadar obxectivos que primen a calidade da acción voluntaria mediante a incorporación de sistemas de calidade que redunden nunha mellora na prestación dos servizos e o establecemento dunha política de transparencia nas relacións entre as administracións públicas e a sociedade civil organizada.

A regulación pretendida a través desta lei intenta ser a resposta concreta ás necesidades deste sector atendendo a realidade propia de Galicia, reforzando un marco normativo de seu que terá como obxectivo último o de mellorar a cantidade e a calidade da acción voluntaria neste país.

III

Coa finalidade de procurar o máximo consenso posible na súa aprobación, no proceso de elaboración desta lei partiuse dun proxecto de lei existente na anterior lexislatura, no que se introduciron modificacións que se consideraron convenientes por causa dunha maior precisión técnica e pola necesidade de asignar e utilizar de modo eficiente os recursos públicos.

De igual xeito, engadíronse novas visións plasmadas nun documento recente sobre o voluntariado na Unión Europea (*Study on Volunteering in the European Union. Final Report*, elaborado pola Educational, Audiovisual & Cultura Executive e presentado o 17 de febreiro de 2010), que incorpora novas perspectivas de actuación na acción voluntaria.

Precisamente no devandito informe incídese en aspectos relevantes como son, por exemplo, os de potenciar o recoñecemento público da acción voluntaria, a necesidade de incrementar o grao de participación social na acción voluntaria e superar a corta duración temporal dos compromisos asumidos, a falta de planificación e estratexia institucional, as deficiencias dos rexistros públicos para coñecer se unha entidade está ou non en activo, a conveniencia de facer un seguimento dos indicadores que avalíen a consecución de obxectivos e a mellora do coñecemento estatístico, a implicación nela de persoas maiores, ex profesionais ou a adquisición de hábitos de participación na idade escolar e a concienciación da importancia da acción voluntaria no sistema educativo. Trátase de aspectos que, se ben algúns deles xa podían estar presentes ou enunciados no proxecto de lei existente, considerouse oportuno actualizar o seu contido para lles dar entrada na lei aos novos enfoques da acción voluntaria.

Partir do proxecto de lei existente supón asumir os resultados da metodoloxía participativa desenvolvida no seu día e do proceso de debate e participación pública, que se iniciou

cun documento previo de bases para a reforma que foi obxecto de exame e discusión en diferentes foros de expertos, así como en diferentes eventos e xornadas técnicas, como no Congreso Galego de Voluntariado, no que se trataron os contidos dunha futura lei de acción voluntaria. Así mesmo, constituíronse mesas de traballo formadas polos representantes dos colectivos máis representativos relacionados, directa ou indirectamente, coa acción voluntaria para abordar diferentes cuestións que reclamaban un estudo máis particularizado.

As conclusións obtidas como consecuencia deste proceso participativo serviron no seu día e serven agora para enriquecer o contido da lei, na que se ven reflectidas un bo número de contribucións, o que dota ao texto legal dunha maior lexitimidade ao facer coincidir o contido da norma coas aspiracións da cidadanía.

IV

Polo que respecta á estrutura da lei, esta divídese de modo moi sinxelo en tres grandes partes referidas a disposicións xerais, aos suxeitos da acción voluntaria e á acción administrativa, que constitúen, respectivamente, cada un dos tres títulos da lei.

O primeiro título, relativo ás disposicións xerais, ocúpase de sinalar o obxecto da lei, o seu ámbito de aplicación e os principios reitores dela. Neste título tamén se conceptúa a acción voluntaria e se ofrecen os elementos claves e as condicións necesarias para identificar, tanto nunha vertente positiva coma negativa, cando se está ante o desenvolvemento dunha acción voluntaria. Faise unha referencia aos sectores de actuación nos que aquela se pode desenvolver e relaciónanse as diferentes actividades e sectores de interese xeral vinculados coa acción voluntaria.

No segundo título trátase da ordenación dos suxeitos da acción voluntaria como son as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria nas que se integran aquelas e, por último, as persoas destinatarias da acción voluntaria.

A sistemática seguida para regular cada un dos suxeitos participantes é similar, partindo sempre de ofrecer un concepto que permita singularizar os caracteres e os aspectos esenciais que definen a cada un dos suxeitos participantes na acción voluntaria e, seguidamente, fíxase cal é o seu estatuto xurídico, relacionando os dereitos e as obrigas deles, e mais a previsión das consecuencias no caso de incumprimento daquel estatuto. Así mesmo, incídese de modo específico na relación existente entre as persoas voluntarias e as entidades nas que se integran, obrigando a que se formalice por escrito a condición de

membro e obrigando a que se subscriba un compromiso de colaboración no que se consignen con claridade os aspectos esenciais nos que se teñen que encadrar as relacións entre as entidades de acción voluntaria e os seus membros. Regúlanse cuestións como as de acreditación identificativa, responsabilidade extracontractual, pólizas de seguro ou o réxime para dirimir posibles conflitos.

No título terceiro agrúpase todo o relativo á acción administrativa. O capítulo I dedícase a establecer a atribución de competencias das administracións públicas de Galicia, diferenciando as da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as das entidades locais co obxecto de clarificar o ámbito que lle compete a cada administración.

No capítulo segundo abórdase o fomento da acción voluntaria. Pártese de compeler as administracións públicas de Galicia a que promovan o coñecemento público das actividades de acción voluntaria co fin de lograr o recoñecemento social das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria. Tamén se sinalan diferentes accións polas que se pode canalizar esa obriga de fomento. Destácase a importancia do fomento da formación, e pola súa natureza específica remítase a un desenvolvemento regulamentario dos programas de formación.

Por outra parte, dedícase un capítulo específico, o terceiro do título, aos instrumentos de planificación da acción voluntaria, que se canalizan por medio dunha planificación estratéxica a través do Plan galego de acción voluntaria e mediante unha planificación sectorial e logo mediante programas e proxectos.

O Rexistro de Acción Voluntaria regúlase no capítulo cuarto e neste introdúcese unha das novidades máis salientables da lei ao crear unha sección específica encargada do depósito da documentación remitida polas entidades de acción voluntaria en relación coas certificacións de experiencias das persoas voluntarias.

Polo que respecta aos órganos de participación e consulta, o capítulo quinto regula o Consello Galego de Acción Voluntaria, que constitúe o órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta en materia de acción voluntaria, e especificanse as súas funcións e estrutura.

Finalmente, no capítulo sexto, créase o Observatorio Galego de Acción Voluntaria coa finalidade de servir de referente na investigación, o estudo e a análise da realidade actual e das tendencias futuras na acción voluntaria.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de acción voluntaria.

TÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto a ordenación e o fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos.

2. Así mesmo, ten por obxecto regular as relacións que, con respecto ás devanditas actividades, se poidan establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei seralle aplicable a toda a actividade de acción voluntaria que se desenvolva na comunidade autónoma de Galicia, independentemente do lugar onde a entidade de acción voluntaria teña o seu domicilio social.

2. Tamén lles será aplicable ás actuacións de acción voluntaria realizadas pola Administración autonómica ou pola Administración local que desenvolvan programas de interese xeral no ámbito das súas competencias.

Artigo 3. *Concepto de acción voluntaria.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por acción voluntaria a realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que reúnan as seguintes condicións:

a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.

b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.

c) Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan.

d) Que se leve a efecto en función de programas concretos, xa sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, non terán a consideración de acción voluntaria:

a) As actividades que sexan realizadas de forma espontánea.

b) As consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.

c) As que sexan prestadas á marxe das entidades de acción voluntaria, de xeito illado ou esporádico.

d) As promovidas por calquera entidade para a consecución de beneficio económico ou intereses propios.

e) As desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcionarial de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais nas entidades de acción voluntaria, a non ser cando quen as leve a cabo conserve a condición de persoa voluntaria e as desenvolva en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación por elas.

3. A acción voluntaria non poderá en ningún caso substituír as prestacións a que estean obrigadas as administracións públicas ou outras entidades, o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

Artigo 4. *Principios orientadores da acción voluntaria.*

A acción voluntaria desenvolverase consonte os principios de:

a) Participación, promovendo o desenvolvemento dun tecido asociativo propio, desde o pleno recoñecemento da autonomía funcional ao pluralismo da propia acción voluntaria.

b) Implicación e participación da cidadanía na consecución dos intereses públicos.

c) Solidariedade, altruísmo e gratuidade da acción que se desenvolve, excluíndose a procura ou o aproveitamento dun beneficio material.

d) Liberdade persoal e respecto do pluralismo e das opcións persoais das persoas voluntarias e das persoas destinatarias da súa acción.

e) Colaboración e complementariedade entre as entidades de acción voluntaria e as administracións públicas, sempre que se respecte o establecido na alínea 3 do artigo 3.

Artigo 5. *Sectores de actuación da acción voluntaria.*

1. A acción voluntaria poderase desenvolver en todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúan a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social.

2. Para os efectos desta lei, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria a realización de actividades de interese xeral vinculadas coa acción social e os servizos sociais, as de natureza sociosanitaria, de defensa dos dereitos humanos, da infancia, das persoas con discapacidade, da efectividade dos dereitos en condicións de igualdade das mulleres, educativas, de cooperación ao desenvolvemento, de loita contra a pobreza e a exclusión social, culturais, de defensa do patrimonio cultural, científicas, de fomento do uso de novas tecnoloxías, de protección civil, de prevención de situacións de emerxencia, de protección de persoas consumidoras e usuarias, deportivas, de lecer e tempo libre, de defensa ecolóxica e protección do medio ambiente, de defensa dos dereitos lingüísticos, de dinamización do mundo rural, de defensa da economía ou da investigación, de desenvolvemento da vida asociativa, de fomento da acción voluntaria ademais de todas aquelas outras que, axustándose ao disposto nesta lei, poidan contribuir á consecución dos principios da acción voluntaria.

3. A acción voluntaria organizada non poderá en ningún caso substituír actividades que estean a ser desenvolvidas por medio do traballo remunerado ou servir para eximir as administracións públicas de lle garantir á cidadanía prestacións ou servizos que esta teña recoñecidos como dereitos fronte a aquelas.

TÍTULO II
Dos suxeitos da acción voluntaria

CAPÍTULO I
Do estatuto das persoas voluntarias

Artigo 6. Concepto de persoa voluntaria.

1. Para os efectos desta lei, ten a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e mais nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.

2. Recoñécense como persoas voluntarias, con todos os dereitos e as obrigas recollidas nesta lei, as persoas que sen estaren adscritas a entidades de acción voluntaria colaboren en programas de acción voluntaria especificamente organizados polas administracións públicas no ámbito das súas competencias.

3. As persoas menores de idade poderán participar en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados ás súas características, mediante autorización expresa de seus pais, dos seus titores ou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto en todo caso á vontade da ou do menor.

4. A condición de persoal voluntario é compatible coa condición de membro da directiva da entidade e coa de coordinador de programas ou proxectos de voluntariado, sempre que o cargo non sexa retribuído.

5. A condición de persoa voluntaria é incompatible co desempeño de calquera actividade suxeita a retribución económica pola mesma entidade de acción voluntaria na que se integre, cuxa natureza, contido e obxecto poidan ter relación cos propios da actividade voluntaria.

Artigo 7. Dereitos das persoas voluntarias.

As persoas voluntarias teñen dereito a:

a) Seren tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.

b) Seren informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolveren a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.

c) Dispoñeren dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.

d) Recibiren das entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria na que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.

e) Participaren activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren, con-
sonte os seus estatutos, colaborando na planificación, o deseño, a execución e a avalia-
ción dos programas nos que participen.

f) Acordaren libremente coa entidade de acción voluntaria na que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.

g) Estaren aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.

h) Seren reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade na que se integren.

i) Recibiren certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria, na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen, e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.

j) Obteren o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.

k) Renunciaren libremente, logo de aviso, á súa condición de persoa voluntaria.

l) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 8. *Deberes das persoas voluntarias.*

As persoas voluntarias están obrigadas a:

- a) Realizaren a súa actividade consonte os principios establecidos na lei.
- b) Observaren as medidas de saúde e seguranza que se adoptasen.
- c) Gardaren a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Actuaren de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizando a súa actividade voluntaria consonte as normas e os principios establecidos na normativa reguladora, e colaborando coa entidade na que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e nos obxectivos que se leven a cabo.
- e) Participaren nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- f) Respectaren os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.
- g) Cumpriren os compromisos adquiridos coa entidade na que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa interna.
- h) Rexeitaren calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade.
- i) Utilizaren debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade na que se integren, así como procederán á súa devolución cando finalicen a actividade.
- j) Coidaren e faceren bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- k) Notifícaenlle á entidade a renuncia coa antelación previamente acordada, a prol de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade na que participen.
- l) Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II
Das entidades de acción voluntaria

Artigo 9. Concepto de entidades de acción voluntaria.

Para os efectos desta lei, terán a consideración de entidades de acción voluntaria aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica de seu que de xeito organizado e estable realicen programas específicos en relación con actividades de interese xeral e incluídas no artigo 5 desta lei.

Artigo 10. Dereitos das entidades de acción voluntaria.

As entidades de acción voluntaria teñen dereito a:

- a) Elaboraren as súas propias normas de funcionamento interno atendendo principios democráticos e participativos.
- b) Seleccionaren as persoas voluntarias de acordo coa natureza e as características da tarefa que deban desenvolver e de acordo coas normas establecidas no seu estatuto de funcionamento interno.
- c) Suspenderen a colaboración das persoas voluntarias que infrinxan o seu compromiso.
- d) Concorrerem ás medidas de fomento da actividade voluntaria efectuada polas administracións públicas ou entidades privadas.
- e) Calquera outro dereito recoñecido polo resto do ordenamento xurídico referido á acción voluntaria.

Artigo 11. Obrigas das entidades de acción voluntaria.

As entidades de acción voluntaria están obrigadas a:

- a) Elaboraren e aprobaren o seu regulamento interno de acción voluntaria, no que se indicarán as condicións específicas de admisión e a perda da condición de persoa voluntaria, os dereitos e deberes desta, os mecanismos para a súa participación na entidade e os principios que rexerán as relacións entre esta e aquela.

b) Informaren as persoas voluntarias sobre os fins e o réxime de funcionamento da entidade de acción voluntaria.

c) Cubriren os gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa actividade voluntaria.

d) Impediren que se substitúan, a través das actividades que realicen as persoas voluntarias, postos de traballo que deban ser retribuídos.

e) Cumpriren os acordos establecidos coas persoas voluntarias no seu compromiso de colaboración.

f) Facilitárenlles ás persoas voluntarias unha acreditación que as habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.

g) Expediren, logo da solicitude da persoa interesada, un certificado que acredite a súa condición de persoa voluntaria, con indicación de datas, duración e prestación efectuada nos programas nos que participou. Por pedimento da persoa interesada, e logo de autorización de cesión dos seus datos persoais, remitíraselle unha copia desta certificación ao Rexistro de Acción Voluntaria.

h) Garantírenlles ás persoas voluntarias a realización das súas actividades nas debidas condicións de hixiene e seguranza, en función da súa natureza e características, así como o establecemento das pertinentes medidas de prevención de riscos.

i) Subscribiren unha póliza de seguros que cubra as persoas voluntarias dos riscos de accidentes derivados do desenvolvemento da actividade voluntaria, así como os terceiros polos danos e perdas eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio da devandita actividade.

j) Facilitaren a participación das persoas voluntarias na elaboración, no deseño, na execución e na avaliación dos programas nos que interveñan.

k) Redactaren anualmente unha memoria e un plan de actividades co contido que se estableza regulamentariamente.

l) Levaren un libro-rexistro interno de altas, baixas e outras incidencias nas que se poidan atopar as persoas voluntarias, con especificación dos programas e os proxectos nos que colaboran e a natureza das actividades que desenvolven.

m) Garantiren a información, a orientación, a formación e o asesoramento adecuado das persoas voluntarias que colaboren coas entidades para conseguir a maior eficacia na súa actividade, así como dotalas dos medios precisos.

n) Promoveren a eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e a implicación da sociedade galega, compartindo actuacións en programas e proxectos con outras entidades de acción voluntaria.

ñ) Efectuaren o seguimento e a avaliación das actividades programadas, velando porque a actuación programada se execute nos termos previamente acordados.

o) Cumpriren as restantes obrigas que deriven do establecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 12. *Incumprimento de fins e obrigas.*

O incumprimento reiterado polas entidades de acción voluntaria dos seus fins e das súas obrigas ou doutras disposicións desta lei, verificado polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia mediante expediente contradictorio, poderá determinar:

- a) A baixa no Rexistro de Acción Voluntaria.
- b) A revogación das axudas percibidas, segundo o disposto na normativa de subvencións.
- c) A resolución de calquera convenio formalizado coas administracións públicas para a execución de programas e proxectos atendendo os termos subscritos nel.
- d) O cesamento, de ser o caso, da persoa representante da entidade como membro do Consello Galego de Acción Voluntaria.

CAPÍTULO III Das relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria

Artigo 13. *Compromiso de colaboración.*

1. As relacións entre as persoas voluntarias e as entidades nas que se integren deberán formalizarse por escrito, mediante o correspondente compromiso de colaboración.

2. Este compromiso terá, como mínimo, o seguinte contido:

a) A aceptación do carácter altruísta da relación que se acorde e da actividade que se comprometa a realizar a persoa voluntaria.

b) A suxeición ao réxime legal da acción voluntaria.

c) A especificación dos dereitos e dos deberes de ambas as partes.

d) A identificación da persoa responsable do programa no que a persoa voluntaria desempeñará a súa actividade.

e) A enumeración dos programas, dos proxectos ou das actividades específicas que a persoa voluntaria se compromete a realizar, así como o tempo de dedicación e a duración do compromiso.

f) A información sobre a posibilidade de acreditación das prestacións efectuadas.

g) Os fins e os obxectivos da entidade na que se integran.

h) A fixación do prazo de antelación co que a persoa voluntaria lle deberá comunicar á entidade a súa renuncia ao compromiso.

i) A formación necesaria para o desenvolvemento de programas, proxectos ou actividades específicas.

j) O establecemento dos mecanismos de control e supervisión da actividade de acción voluntaria.

k) A obriga de confidencialidade dos datos persoais e información á que teñan acceso no desempeño da actividade de acción voluntaria.

l) As causas que motivarían a exclusión da persoa voluntaria e a escisión do vínculo coa entidade de acción voluntaria na que colabora. Para acordar a exclusión será sempre necesario seguir un procedemento escrito no que quede asegurada a audiencia á persoa interesada.

Serán en todo caso causas de exclusión, tanto para as persoas voluntarias coma para as entidades de acción voluntaria nas que colaboran aquelas, a inobservancia das previsións contidas nesta lei e dos deberes establecidos nela, así como a actuación contraria

aos seus principios orientadores e, particularmente, o incumprimento dos termos libremente acordados no compromiso de incorporación, cando sexan graves ou reiterados e non xustificados.

Artigo 14. Acreditación identificativa.

A acreditación da condición de persoa voluntaria será expedida pola entidade de acción voluntaria e conterá, como mínimo, os datos persoais e identificativos daquela e esta e mais a denominación do programa ou dos programas nos que desenvolva a actividade voluntaria.

Artigo 15. Responsabilidade extracontractual das entidades fronte a terceiros.

As entidades de acción voluntaria responderán fronte a terceiros polos danos e perdas causados polas persoas voluntarias que participen nos seus programas, como consecuencia da acción voluntaria desenvolvida por aquelas. Para tal fin, as entidades de acción voluntaria subscribirán unha póliza de seguros de acordo coas condicións establecidas na normativa estatal aplicable.

Artigo 16. Pólizas de seguro.

As administracións públicas subscribirán unha póliza de seguro que cubrirá os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das súas actuacións coma os accidentes que poidan sufrir, cando estas participen en programas ou proxectos que se organicen por aquelas.

Artigo 17. Réxime xurídico aplicable á resolución de conflitos.

Os conflitos que poidan xurdir entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria no exercicio das actividades ás que fai referencia esta lei serán dirimidos pola xurisdición competente de acordo co establecido na normativa vixente.

CAPÍTULO IV

Das persoas destinatarias da acción voluntaria

Artigo 18. Concepto de persoa destinataria da acción voluntaria.

Para os efectos desta lei, terán a consideración de persoas destinatarias da acción voluntaria todas as persoas físicas e/ou os grupos ou comunidades nos que se integran, para

as que o desenvolvemento da acción voluntaria poida representar unha mellora das súas condicións e calidade de vida, a satisfacción das súas necesidades, a defensa dos seus dereitos ou, en todo caso, un beneficio social.

Artigo 19. Dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria.

As persoas destinatarias da acción voluntaria teñen os seguintes dereitos:

a) A que se garanta a súa dignidade e intimidade persoal e familiar así como a protección dos datos de carácter persoal na execución dos programas de acción voluntaria.

b) A recibiren unha acción voluntaria de calidade, que se desenvolva de acordo con programas ou proxectos que garantan a calidade das actuacións.

c) A solicitaren a substitución da persoa voluntaria asignada, cando existan causas que así o xustifiquen e no caso de que a entidade poida atender a súa petición. Así mesmo, poderase prescindir, en calquera caso e momento, da acción voluntaria mediante renuncia escrita ou mediante calquera outro procedemento que deixe constancia da súa decisión.

d) A colaboraren na avaliación da acción voluntaria a elas dirixida.

e) A solicitaren a intervención da entidade de acción voluntaria para a resolución das cuestións ou dos conflitos xurdidos coas persoas voluntarias integrantes desta.

f) A que os programas de acción voluntaria non supoñan na súa execución ningunha inxerencia sobre as liberdades constitucionalmente recoñecidas e, en particular, sobre as liberdades ideolóxica, política e relixiosa e de culto.

g) A recibiren información sobre os programas ou os proxectos e sobre as actuacións das que sexan destinatarias, tanto con carácter previo ao seu inicio coma durante a súa execución.

h) Os demais dereitos recoñecidos no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 20. Deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria.

Cando a acción voluntaria se dirixa a unha persoa destinataria individualizada, esta, ao aceptala, asumirá os seguintes deberes:

a) Colaborar coas persoas voluntarias, respectar e facilitar o seu labor, na medida en que sexa posible, na execución dos programas dos que se beneficia.

b) Non lles ofrecer ás persoas voluntarias ou ás entidades contraprestación pola acción voluntaria levada a cabo.

c) No caso de prescindir dos servizos dun determinado programa de acción voluntaria, notifícalo coa antelación suficiente para evitar prexuízos a este.

d) Non lle esixir á persoa voluntaria actuacións que non correspondan á natureza da acción voluntaria, debendo observar as instrucións que se establezan para o adecuado desenvolvemento da acción voluntaria.

e) Os demais deberes que deriven da normativa aplicable.

TÍTULO III Das administracións públicas

CAPÍTULO I Da atribución de competencias

Artigo 21. *Competencias das administracións públicas de Galicia.*

Correspóndelles ás administracións públicas de Galicia con competencias en materia de acción voluntaria, no seu respectivo ámbito e en relación coas materias reguladas nesta lei:

a) Fomentaren e promoveren a participación social da cidadanía no desenvolvemento da acción voluntaria, a través de entidades de acción voluntaria debidamente rexistradas ou, de ser o caso, no marco da acción programada para os fins desta lei polas administracións públicas de Galicia.

b) Sensibilizaren a sociedade respecto dos valores de acción voluntaria e o seu recoñecemento público.

c) Impulsaren e favoreceren as actividades de acción voluntaria, dispoñendo as medidas necesarias para o seu fomento e apoio.

d) Elaboraren e desenvolveren instrumentos de planificación relacionados coa acción voluntaria.

e) Promoveren a formación básica e especializada das persoas voluntarias que vaian desenvolver actuacións en programas ou proxectos, impulsando, desde a colaboración interadministrativa e coas entidades de acción voluntaria, as accións formativas necesarias para aseguraren unha acción voluntaria eficaz e de calidade.

f) Realizaren o seguimento e a avaliación específicos dos programas e dos proxectos de acción voluntaria desenvolvidos polas entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

g) Comprobaren o cumprimento das obrigas das entidades de acción voluntaria inscritas.

h) Informaren e asesoraren tecnicamente as entidades de acción voluntaria.

i) Velaren polo cumprimento desta lei e as súas normas de desenvolvemento.

j) Realizaren estudos e investigacións, así como elaboraren estatísticas en materia de acción voluntaria.

Artigo 22. Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Correspóndenlle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias de:

a) Ordenar e promover as políticas públicas en materia de acción voluntaria no ámbito autonómico.

b) Fomentar a coordinación e a acción conxunta das administracións públicas de Galicia e as entidades de acción voluntaria.

c) Elaborar o Plan galego de acción voluntaria.

d) Xestionar o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, asegurando a súa unidade.

e) Establecer os criterios para o seguimento e a inspección das entidades de acción voluntaria.

f) Crear un fondo documental e unha base de datos que integrará o contido dos diferentes programas de acción voluntaria.

g) Realizar estudos, investigacións, así como elaborar estatísticas en materia de acción voluntaria.

h) Promocionar a formación e a información necesarias para as entidades de acción voluntaria poderen desenvolver a súa actividade.

i) Impulsar a cooperación con organismos de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

j) As demais competencias que lle veñan atribuídas pola normativa vixente.

2. Estas competencias serán exercidas polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que veñan atribuídas as funcións de fomento e ordenación en materia de acción voluntaria, sen prexuízo das actuacións que poidan corresponder a outros da antedita administración en relación co ámbito ou o sector de actividade que teñan encomendado.

3. Estas competencias poderán ser obxecto de delegación e transferencia consonte o previsto na normativa vixente.

Artigo 23. *Competencias das entidades locais de Galicia.*

Correspóndenlles ás entidades locais galegas as seguintes competencias en relación coas materias reguladas nesta lei:

a) Promoveren a acción voluntaria nos seus respectivos termos municipais, así como fomentaren a participación da cidadanía.

b) Artellaren os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local.

c) Ofertárenlles a información necesaria a aquelas persoas interesadas nas actividades de acción voluntaria, divulgando e dando publicidade das actividades e necesidades das entidades de acción voluntaria.

d) Fomentaren a coordinación entre as diversas entidades de acción voluntaria, así como co resto de administracións que concorran no termo municipal.

e) Promoveren a creación de oficinas municipais de acción voluntaria.

f) Estableceren os criterios de distribución dos recursos propios, así como concederen axudas e subvencións para o desenvolvemento da acción voluntaria.

g) Informaren o órgano competente en materia de acción voluntaria da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das accións realizadas ou que se vaian realizar no seu ámbito para garantir a colaboración e a coordinación entre as administracións públicas.

CAPÍTULO II

Do fomento da acción voluntaria

Artigo 24. *Accións de fomento da acción voluntaria.*

1. As administracións públicas de Galicia, por si mesmas ou en colaboración coas entidades de acción voluntaria, promoverán o coñecemento público das actividades de acción voluntaria co fin de lograr o recoñecemento social das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria.

2. As administracións públicas poderán desenvolver as accións necesarias para:

- a) Difundir os valores da solidariedade e do altruísmo que inspira a acción voluntaria.
- b) Sensibilizar a sociedade sobre o interese social do labor das persoas voluntarias.
- c) Potenciar, de forma especial, os programas ou os proxectos de acción voluntaria que supoñan accións integrais ou que favorezan a colaboración entre entidades.
- d) Promover a debida coordinación de todos os programas e proxectos de acción voluntaria e a colaboración entre entidades para a súa realización.
- e) Procurar o logro dunha maior continuidade temporal no compromiso das persoas voluntarias.
- f) Favorecer a incorporación á acción voluntaria e a inclusión social de colectivos con menor índice de representación no ámbito da acción voluntaria ou que teñan dificultades de incorporación a ela e daqueles en risco de exclusión, particularmente das persoas maiores, das mulleres, das persoas con discapacidade, das minorías étnicas, da poboación inmigrante, das mozas e dos mozos tutelados, das persoas sen teito e das vítimas da violencia de xénero.
- g) Simplificar e axilizar os procedementos administrativos que afecten a acción voluntaria.

h) Favorecer o movemento asociativo no ámbito da acción voluntaria, contribuíndo ao seu pluralismo, e facilitando a participación e a interlocución e a posta en común de recursos e medios entre as organizacións que contan con persoas voluntarias.

i) Apoiar a participación ou a integración das entidades de acción voluntaria en programas ou proxectos de ámbito superior ao autonómico.

j) Promover as actividades de estudo, información estatística e investigación que contribúan ao mellor coñecemento das necesidades, dos recursos e das actuacións en materia de acción voluntaria.

k) Incentivar e apoiar o uso das novas tecnoloxías da información en todas as actividades que teñan relación coa materia de acción voluntaria.

l) Desenvolver campañas de promoción da acción voluntaria en centros educativos.

m) Consolidar a acción voluntaria en diferentes colectivos sociais.

n) Recoñecer a importancia da acción voluntaria e promover a celebración do día internacional do voluntariado.

ñ) Asegurar a coordinación entre institucións e departamentos con competencias ou orzamentos na materia, promovendo a eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 25. *Incentivos e apoios a entidades e a persoas voluntarias.*

1. As administracións públicas de Galicia poderán financiar programas ou proxectos de acción voluntaria directamente con cargo aos seus propios orzamentos naquelas condicións que se determinen regulamentariamente.

2. As administracións públicas de Galicia poderanlles conceder subvencións, de acordo coa normativa aplicable na materia, ás entidades que desenvolvan programas de acción voluntaria, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

a) Que a entidade que desenvolva o programa ou o proxecto figure inscrita no rexistro ao que fai referencia o artigo 33 desta lei.

b) Que o programa de acción voluntaria se adecúe ás previsións da planificación establecida.

c) Que a entidade se someta ao control e ao seguimento que se estableza nas resolucións administrativas de outorgamento, consonte a lexislación vixente en materia de subvencións.

3. A Xunta de Galicia, no marco das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá habilitar un programa orzamentario específico para o financiamento da promoción, da formación e do apoio da acción voluntaria en Galicia, que será xestionado polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente na materia, sen prexuízo dos créditos para axudas e subvencións de programas de acción voluntaria nas diferentes áreas que puideren preverse nos respectivos orzamentos da devandita administración.

Artigo 26. *Fomento da formación.*

1. A formación das persoas voluntarias realizarana persoas de recoñecida competencia vinculadas preferentemente coa xestión da acción voluntaria.

2. Regulamentariamente estableceranse os programas de formación en materia de acción voluntaria, que deberá desenvolverse diferenciando uns niveis de formación básico e de especialización.

3. As persoas voluntarias que participen en programas ou proxectos de acción voluntaria terán que adquirir a formación necesaria de conformidade co que se estableza no programa de formación da acción voluntaria.

4. Impulsarase o labor das persoas xestoras da acción voluntaria, que son aqueles técnicos ou técnicas que teñen por obxecto coordinar a acción voluntaria e orientar, de xeito individual ou en grupo, a persoa voluntaria sobre o proxecto no que participará, de acordo co seu perfil, dispoñibilidade e preferencias, tendo ademais en conta as necesidades da entidade e da sociedade en cada momento.

5. A Xunta de Galicia garantirá unha oferta formativa en lingua galega e promoverá medidas destinadas á normalización lingüística nas actividades organizadas polas entidades de acción voluntaria.

Artigo 27. *Fomento da acción voluntaria corporativa.*

Promoverase a acción voluntaria corporativa, que é aquela que desenvolven empresas no contorno económico e social da súa actividade mediante a adscrición das traballadoras e dos traballadores delas que, de modo totalmente libre, desinteresado, altruísta e solida-

rio, decidan contribuír á realización de programas ou proxectos de acción voluntaria promovidos polas devanditas empresas a través de entidades de acción voluntaria preexistentes ou de nova creación.

CAPÍTULO III

Dos instrumentos de planificación da acción voluntaria

Artigo 28. Instrumentos de planificación.

As actividades de acción voluntaria planificaranse mediante tres tipos de instrumentos de planificación:

- a) O Plan galego de acción voluntaria como plan estratéxico.
- b) Os plans sectoriais elaborados por instancias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais.
- c) Os plans e os proxectos elaborados polas entidades de acción voluntaria.

Artigo 29. Plan galego de acción voluntaria.

1. A planificación estratéxica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia canalizarase a través do Plan galego de acción voluntaria, que se configura como un instrumento administrativo que determina os criterios de planificación e coordinación das actuacións proxectadas en materia de acción voluntaria.

2. Esta planificación estratéxica terá unha periodicidade de catro anos.
3. Son obxectivos do plan:
 - a) A mellora da calidade e cantidade de participación cidadá, en especial a de colectivos con maiores dificultades sociais.
 - b) O fortalecemento das entidades de acción voluntaria.
 - c) O reforzo da coordinación interadministrativa e interdepartamental.
 - d) A elaboración de novos instrumentos normativos.

e) A creación dunha estrutura global de información, formación e sensibilización de acción voluntaria.

f) A elaboración de programas de formación.

Artigo 30. *Planificación sectorial.*

A planificación sectorial estará constituída polos plans que, no marco e en desenvolvemento da planificación estratéxica, poidan aprobar os distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades locais.

Artigo 31. *Plans e proxectos de acción voluntaria.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por plan de acción voluntaria o instrumento a través do cal se desenvolve e concreta a planificación elaborada polas entidades de acción voluntaria.

2. Teñen a consideración de proxectos de acción voluntaria os instrumentos de execución dun plan.

3. Regulamentariamente determinarase o contido mínimo dos plans e dos proxectos de acción voluntaria, e nestes deberán en todo caso figurar os datos relativos á súa denominación, a identificación das persoas responsables e o sector de actividade de interese xeral ao que se refiran.

CAPÍTULO IV

Do Rexistro de Acción Voluntaria

Artigo 32. *Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.*

1. O Rexistro de Acción Voluntaria configúrase como un órgano único e público que asumirá as funcións de cualificación e inscrición das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria, así como a certificación das accións voluntarias que estas desenvolvan. Estará adscrito ao órgano ao que veñan atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria.

2. O devandito rexistro deberá funcionar de xeito coordinado co Rexistro de Entidades de Voluntariado de Protección Civil e Emerxencias previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

3. O rexistro estrutúrase en dúas seccións relativas á inscrición das entidades de acción voluntaria e ao depósito das experiencias das persoas voluntarias.

4. Mediante orde da consellaría competente en materia de acción voluntaria establece-rase a organización e o procedemento de inscrición e baixa no rexistro.

5. O acceso aos datos que figuren no rexistro efectuarase consonte as normas que regulen o acceso aos arquivos e rexistros na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na legis-lación reguladora de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 33. *Sección de entidades de acción voluntaria.*

1. A inscrición na sección do Rexistro de entidades de acción voluntaria, que deberá ser instada pola entidade mediante solicitude, será requisito necesario para acceder ás axudas e ás subvencións, así como para subscribir convenios coas administracións públicas de Galicia en materia de voluntariado.

Para a inscrición no rexistro, as entidades deberán presentar a correspondente solitu-de e a documentación que regulamentariamente se estableza.

2. A cancelación da inscrición rexistral procederá sempre que:

a) A entidade o solicite expresamente.

b) Se extinga a súa personalidade xurídica.

c) Se incumpran os seus fins no ámbito da acción voluntaria ou das obrigas estableci-das, e así se declare mediante resolución administrativa firme.

d) Se produza a inactividade da entidade durante un período de tres anos, debidamen-te probada. Para tal efecto, poderáselles esixir ás entidades que actualicen os datos que figuren no rexistro.

e) Que na inscrición consten datos ou documentos constitutivos de falsidade, declarada por sentenza xudicial firme.

3. A Administración autonómica, a través do órgano competente en materia de acción voluntaria, xestionará, publicará e actualizará un catálogo, de carácter público, de entida-

des inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, no que se especificarán as actividades que se realizan e o territorio ao que se circunscriben. Neste catálogo incluíranse as axudas públicas e os convenios asinados coa Xunta de Galicia, ao longo de cada ano natural, polas diferentes entidades.

Artigo 34. Sección de experiencias das persoas voluntarias.

1. A sección do Rexistro de experiencias das persoas voluntarias terá depositada a documentación remitida polas entidades de acción voluntaria en relación coas certificacións que expidan consonte o sinalado na alínea g) do artigo 11.

2. Por pedimento da persoa interesada poderanse emitir certificados relativos á súa participación en programas ou proxectos de acción voluntaria segundo a información que conste no rexistro.

CAPÍTULO V
Órganos de consulta e participación

Artigo 35. Participación das entidades e das persoas voluntarias.

1. As administracións públicas de Galicia facilitarán a participación das entidades de acción voluntaria, a través dos órganos e das canles previstas para este efecto, na planificación, na xestión e no seguimento da acción voluntaria incluída no ámbito desta lei.

2. Igualmente facilitarase a participación das referidas entidades e das persoas voluntarias en relación coas actividades de estudo, análise, asesoramento e proposta para a promoción, o impulso, a coordinación e a avaliación das actividades de acción voluntaria.

Artigo 36. O Consello Galego de Acción Voluntaria.

1. Créase o Consello Galego de Acción Voluntaria como máximo órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta en materia de acción voluntaria. Estará adscrito ao departamento ao que veñan atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria.

2. Corresponderanlle ao Consello Galego de Acción Voluntaria as seguintes funcións:

a) Emitir un informe previo sobre o Plan galego de acción voluntaria.

b) Emitir informe preceptivo e non vinculante sobre os proxectos de disposicións normativas de carácter xeral e de rango inferior á lei que afecten directamente a acción voluntaria.

c) Remitirlles ás administracións públicas propostas e iniciativas sobre as cuestións referentes á acción voluntaria e recadar delas información sobre a materia.

d) Asesorar e informar sobre os principios, os criterios, os obxectivos e as prioridades da planificación.

e) Servir de punto de encontro entre as administracións de Galicia e as entidades de acción voluntaria.

f) Elaborar informes periódicos sobre o estado e a actividade de acción voluntaria, cos prazos e a forma que se determinen regulamentariamente.

g) Detectar e analizar as necesidades básicas de acción voluntaria, canalizando a demanda e a oferta do movemento voluntario.

h) Velar pola calidade das prestacións e das actividades que a acción voluntaria leva a cabo.

i) Propoñerlle de ser o caso ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma en materia de acción voluntaria o recoñecemento público das entidades que se distinguen polos seus méritos no ámbito da acción voluntaria.

j) Coordinarse con órganos similares de ámbito internacional, estatal ou autonómico para a consecución de obxectivos comúns na acción voluntaria.

k) Velar polo respecto da liberdade e da independencia das entidades e das persoas que desenvolvan actividades de acción voluntaria.

l) Calquera outra función que lle poida ser encomendada regulamentariamente.

Artigo 37. *Composición do Consello Galego de Acción Voluntaria.*

1. A composición do Consello Galego de Acción Voluntaria será a seguinte:

a) Presidencia: cargo que deberá recaer na persoa titular do órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de acción voluntaria ou na persoa en quen delegue.

b) Vicepresidencia primeira: este cargo recaerá na persoa titular da subdirección xeral competente en materia de acción voluntaria ou na persoa en quen delegue.

Vicepresidencia segunda: este cargo recaerá nunha persoa representante da organización con personalidade xurídica que represente a un maior número de entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, na forma que se determine regulamentariamente.

c) Secretaría: cargo que desempeñará unha ou un funcionario público designado para tal efecto con voz e sen voto.

d) Unha vogalía, con rango non inferior ao de director ou directora xeral, por cada unha das seguintes áreas: servizos sociais, medio ambiente, protección civil, cooperación exterior, saúde, medio rural, medio mariño, educación, cultura, traballo e igualdade de xénero.

e) Catro vogalías en representación das corporacións locais designadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

f) Unha vogalía do Consello da Xuventude de Galicia.

g) Seis vogalías, tres en representación das organizacións empresariais e tres vogalías en representación dos sindicatos máis representativos, regulados ambos os dous na Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas no ámbito de Galicia.

h) Tres vogalías en representación das universidades galegas.

i) Unha vogalía en representación das entidades de acción voluntaria, por cada unha das seguintes áreas: servizos sociais, medio ambiente, protección civil, cooperación exterior, saúde, medio rural, educación, cultura e igualdade.

2. Promoverase unha composición de xénero segundo o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, do Parlamento de Galicia, para a igualdade de mulleres e homes, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. Para os efectos informativos e de asesoramento, o consello poderá requirir a presenza perante este de persoas expertas na materia de que se trate.

4. Dentro do consello poderanse crear comisións para o estudo e o seguimento de materias concretas.

5. Regulamentariamente establecerase a organización e o funcionamento do consello e mais a composición, a organización e o funcionamento das súas comisións.

Artigo 38. Observatorio Galego de Acción Voluntaria.

1. Créase o Observatorio Galego de Acción Voluntaria como un órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento das políticas de voluntariado que terá como obxectivos o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á investigación e á formación, así como á creación e ao establecemento de sistemas de información e documentación.

Este dependerá do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria e da súa actividade daralle conta ao Consello Galego de Acción Voluntaria, o cal aprobará a súa planificación anual así como as súas liñas estratéxicas.

2. O Observatorio Galego de Acción Voluntaria poderá asesorar tecnicamente as corporacións locais na realización de plans sectoriais de acción voluntaria e poderá colaborar coas universidades en proxectos de I+D+I e con figuras análogas doutras administracións públicas.

3. O Observatorio Galego de Acción Voluntaria, que integrará nos seus traballos a perspectiva de xénero, terá entre as súas funcións as de:

- a) Investigar o estado e as tendencias de acción voluntaria na comunidade autónoma.
- b) Elaborar informes e estudos e recompilar información sobre aspectos da súa competencia; en particular, deseñar unha guía de boas prácticas da acción voluntaria.
- c) Propoñer as liñas estratéxicas do Plan galego de acción voluntaria e efectuar o seu seguimento.
- d) Elaborar informes sobre o impacto da acción voluntaria nos diferentes sectores económicos de Galicia e estudar trienalmente o devandito impacto no mercado de traballo, tendo en conta variables sociais, económicas, de idade e de xénero.

e) Recompilar a información que, de xeito directo ou indirecto, poida recoller a realidade da acción voluntaria en Galicia e, ao tempo, xerar un sistema de indicadores polos que se poida coñecer e medir a participación social a través da acción voluntaria. Así mesmo, levárase un seguimento do número de persoas voluntarias na comunidade autónoma galega.

f) Realizar procesos de seguimento e avaliación das políticas públicas na materia, formulando propostas con base nos estudos e nas avaliacións realizadas, que favorezan a toma de decisións.

g) Publicar e difundir os diferentes estudos e investigacións realizados.

h) Elaborar un informe anual sobre as actividades de acción voluntaria en Galicia, que lle remitirá ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de acción voluntaria, así como ao Consello Galego de Acción Voluntaria. Este informe estará á disposición doutras administracións e da cidadanía en xeral.

i) Elaborar e trasladarles ás administracións públicas e ao Consello Galego de Acción Voluntaria propostas e iniciativas en relación cos informes e os estudos que sobre a acción voluntaria se realicen.

j) Calquera outra función que lle poida ser atribuída regulamentariamente.

4. O Observatorio Galego de Acción Voluntaria estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidencia, que será a persoa titular do departamento con competencia en materia de voluntariado ou a persoa en quen delegue.

b) Vicepresidencia, que será a persoa titular do órgano directivo competente en materia de voluntariado.

c) Vogalías:

– Un representante do Instituto Galego de Estatística.

– Un representante de cada unha das tres universidades galegas.

– Dous representantes das entidades de acción voluntaria designados polo Consello Galego de Acción Voluntaria.

d) Secretaría, que desempeñará unha funcionaria ou funcionario do órgano directivo con competencia en materia de voluntariado con categoría de subdirectora ou subdirector xeral, con voz pero sen voto.

5. Mediante norma regulamentaria establecerase a súa constitución, a súa estrutura e o seu funcionamento.

Disposición adicional primeira. *Consello Galego de Acción Voluntaria.*

A Xunta de Galicia promoverá a constitución do Consello Galego de Acción Voluntaria nun prazo non superior aos nove meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional segunda. *Impacto orzamentario.*

A constitución e a posta en funcionamento dos órganos colexiados, regulados no capítulo V do título III desta lei, non xerarán aumento dos créditos orzamentarios da consellaría competente en materia de voluntariado. Os membros de cada un destes órganos non percibirán indemnización pola asistencia ás súas sesións.

Disposición adicional terceira. *Voluntariado de Protección Civil.*

Sen prexuízo do disposto nesta lei, as persoas voluntarias de Protección Civil e as agrupacións de voluntarios de Protección Civil axustarán o seu funcionamento e as súas características ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, particularmente no que se refire á formación, á acreditación do persoal voluntario e ás obrigas de rexistro das entidades de acción voluntaria.

Disposición transitoria única. *Adaptación das entidades existentes de acción voluntaria.*

As entidades de acción voluntaria que á entrada en vigor desta lei dispoñan de persoal voluntario deberanse axustar ao réxime previsto nela no prazo dun ano.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, parcialmente modificada pola Lei 3/2002, do 29 de abril, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase a Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Réxime transitorio do Rexistro de Acción Voluntaria.*

No prazo de nove meses desde a entrada en vigor desta lei aprobaranse as disposicións de desenvolvemento do Rexistro de Acción Voluntaria. En tanto non se aproben as devanditas disposicións, o rexistro rexerase polo disposto no Decreto 405/2001, do 29 de novembro, en todo o que non resulte incompatible con esta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de novembro de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente